

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)

CELEBRADA O DÍA 11 DE OUTUBRO DE 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. MANUEL MÉNDEZ VARELA

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

D. MIGUEL ALVES LAGO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 11:00 do día 11 de outubro de 2018, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1.- Aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Actividades Económicas.

2.- Aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.

3.- Aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de construcións, instalacións e obras.

4.- Aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de vehículos de tracción mecánica.

5.- Aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo subministro de auga potable a domicilio.

6.- Aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa de depuración de augas residuais.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do teor seguinte:

ASUNTO: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº I.1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Pola Sra. Concelleira de Economía e Facenda propónse a modificación da Ordenanza Fiscal Nº I.1. reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas, modificación que foi Informada favorablemente pola Secretaria e Tesoureira. Polo exposto, propoño que, por parte da Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación proposta consistente no seguinte:

- Engadir ó artigo 4 un apartado 7. que quedaría redactado do seguinte xeito:

“4.7. Terán dereito a unha bonificación da cota do imposto os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

A bonificación a aplicar será a que resulte da seguinte táboa:

| % bonificación | nº postos de traballo creados |
|----------------|---|
| 50 | hasta 4 |
| 65 | de 5 a 10 |
| 75 | de 11 a 20 |
| 80 | máis de 20 (si o 50% dos traballadores están empadroados no concello de Vilagarcía de Arousa a bonificación será do 95%) |

A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ó pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo, co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

4.7.1. Os 100% dos postos de traballo creados deberán ter carácter indefinido. Cando se trate de contratacións cunha xornada a tempo parcial as porcentaxes das bonificacións ratearanse proporcionalmente ó tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falla, da xornada ordinaria máxima legal.

O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidades do artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que exerza a actividade.

Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

4.7.2. O suxeito pasivo deberá achegar, xunto coa solicitude da bonificación, a seguinte documentación:

- Poder de representación, no seu caso.
- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.
- Comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, coa seguinte xustificación documental da xeración de emprego:
 - Informe de Vidal Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como empresaria, dende o inicio da actividade.
 - Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
 - Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
 - Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.
 - No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, falecemento, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.
 - De ser o caso, certificado de alta profesional en colexio oficial e alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.
- Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Vilagarcía de Arousa e coa Seguridade Social.
- Aquela outra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Concello de Vilagarcía de Arousa

4.7.3. Esta bonificación solicitarase conxuntamente ca bonificación por fomento do emprego prevista para o ICIO (para os casos nos que exista realización de obra) e o IBI, e tramitaranse conxuntamente as tres. Unha vez concedida producirá efectos no exercicio seguinte ao remate das obras ou instalacións obxecto de bonificación no ICIO. De non realizarse obra ou instalación algunha, producirá efectos no propio exercicio de inicio de actividade, si se tivese solicitado con anterioridade ó 30 de xuño; ou no inmediato seguinte si se tivese solicitado con posterioridade ó 30 de xuño.

4.7.4. A bonificación concederáse durante un prazo máximo de tres anos, sempre e cando se manteñan as condicións da xustificación presentadas coa comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade durante tres exercicios presupostarios completos, como mínimo.

O incumprimento dos requisitos esixidos esixirá que o suxeito pasivo o poña en coñecemento desta entidade no prazo de un mes desde que se tivese producido dito incumprimento, e suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes. O suxeito pasivo deberá acreditar, a requirimento da entidade local, os empregados existentes durante todo o período do beneficio fiscal.”

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal obxecto da proposta no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da

provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións nas Ordenanzas Fiscais obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordo de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ó da súa publicación.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.: Alberto Varela Paz

(sinatura dixitalizada)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Actividades Económicas.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de todos/as os/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación proposta consistente no seguinte:

- Engadir ó artigo 4 un apartado 7. que quedaría redactado do seguinte xeito:
“4.7. Terán dereito a unha bonificación da cota do imposto os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

A bonificación a aplicar será a que resulte da seguinte táboa:

| % bonificación | nº postos de traballo creados |
|----------------|---|
| 50 | hasta 4 |
| 65 | de 5 a 10 |
| 75 | de 11 a 20 |
| 80 | máis de 20 (si o 50% dos traballadores están empadroados no concello de Vilagarcía de Arousa a bonificación será do 95%) |

A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ó pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo, co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

4.7.1. Os 100% dos postos de traballo creados deberán ter carácter indefinido. Cando se trate de contratacións cunha xornada a tempo parcial as porcentaxes das bonificacións ratearanse proporcionalmente ó tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo

establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falla, da xornada ordinaria máxima legal.

O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidades do artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que exerza a actividade.

Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

4.7.2. O suxeito pasivo deberá achegar, xunto coa solicitude da bonificación, a seguinte documentación:

- Poder de representación, no seu caso.
- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.
- Comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, coa seguinte xustificación documental da xeración de emprego:
 - Informe de Vidal Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como empresaria, dende o inicio da actividade.
 - Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
 - Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
 - Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.
 - No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, falecemento, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.
 - De ser o caso, certificado de alta profesional en colexio oficial e alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.
- Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Vilagarcía de Arousa e coa Seguridade Social.
- Aquela outra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Concello de Vilagarcía de Arousa

4.7.3. Esta bonificación solicitarase conxuntamente ca bonificación por fomento do emprego prevista para o ICIO (para os casos nos que exista realización de obra) e o IBI, e tramitaranse conxuntamente as tres. Unha vez concedida producirá efectos no exercicio seguinte ao remate das obras ou instalacións obxecto de bonificación no ICIO. De non realizarse obra ou instalación algunha, producirá efectos no propio exercicio de inicio de actividade, si se tivese solicitado con anterioridade ó 30 de xuño; ou no inmediato seguinte si se tivese solicitado con posterioridade ó 30 de xuño.

4.7.4. A bonificación concederase durante un prazo máximo de tres anos, sempre e cando se manteñan as condicións da xustificación presentadas coa comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade durante tres exercicios presupostarios completos, como mínimo.

O incumprimento dos requisitos esixidos esixirá que o suxeito pasivo o poña en coñecemento desta entidade no prazo de un mes desde que se tivese producido dito incumprimento, e suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes. O suxeito pasivo deberá acreditar, a requirimento da entidade local, os empregados existentes durante todo o período do beneficio fiscal.”

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal obxecto da proposta no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións nas Ordenanzas Fiscais obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordo de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou das súas modificacións, haberán de ser

publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ó da súa publicación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181011&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do teor seguinte:

ASUNTO: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº I.2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Vista a proposta da Sra. Concelleira de Economía e Facenda, e ó obxecto de dar cumprimento ó disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e demais disposicións concordantes, esta Alcaldía-Presidencia redacta a presente Memoria que integrará o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Nº I.2 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.

O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa en sesión celebrada o 25/01/2018 adoptou o seguinte acordo:

"1) A adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa ao Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia", modificado pola addenda de data 13 de decembro de 2017.

2) Que polo Pleno do Concello se adopten os acordos para a modificación das Ordenanzas Fiscais que legalmente proceda."

En virtude de dito acordo e para dar cumprimento ó mesmo é preciso introducir a seguinte modificación na **Ordenanza Fiscal nº I.2 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles**

- Modificar o artigo 3.1.6., que quedaría redactado do seguinte xeito:

Terán dereito a unha bonificación da cota íntegra do imposto aqueles inmóbles nos que se desenvolva unha actividade económica que sexa declarada de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego. Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

A bonificación a aplicar será a que resulte da seguinte táboa:

| % bonificación | nº postos de traballo creados |
|----------------|---|
| 50 | hasta 4 |
| 65 | de 5 a 10 |
| 75 | de 11 a 20 |
| 80 | máis de 20 (si o 50% dos traballadores están empadroados no concello de Vilagarcía de Arousa a bonificación será do 95%) |

A bonificación limitarase á cota sobre o inmóble no que se desenvolva a nova actividade e, de selo caso, que sexa de nova construción ou ampliación, sen que poida ser obxecto de extensión a outros establecementos do suxeito pasivo que teñan cota tributaria separada.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ó pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo, co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

3.1.6.1. Os 100% dos postos de traballo creados deberán ter carácter indefinido. Cando se trate de contratacións cunha xornada a tempo parcial as porcentaxes das bonificacións ratearanse

proporcionalmente ó tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falla, da xornada ordinaria máxima legal.

O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidades do artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que exerza a actividade, sempre e cando sexa o suxeito pasivo do imposto.

Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

3.1.6.2. O suxeito pasivo deberá achegar, xunto coa solicitude da bonificación, a seguinte documentación:

- Poder de representación, no seu caso.
- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.
- Comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, coa seguinte xustificación documental da xeración de emprego:
 - Informe de Vidal Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como empresaria dende o inicio da actividade.
 - Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
 - Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
 - Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.
 - No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, falecemento, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.
 - De ser o caso, certificado de alta profesional en colexio oficial e alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.
- Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Vilagarcía de Arousa e coa Seguridade Social.
- Referencia catastral do inmovible no que se exerce a nova actividade económica ou empresarial.
- Aquela outra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

3.1.6.3. A bonificación solicitarase conxuntamente ca bonificación por fomento do emprego prevista para o ICIO (para os casos nos que exista realización de obra) e o IAE, e tramitaranse conxuntamente as tres. Unha vez concedida producirá efectos no exercicio seguinte ao remate das obras ou instalacións obxecto de bonificación no ICIO. De non realizarse obra ou instalación algunha, producirá efectos no exercicio inmediato seguinte ó da súa solicitude.

3.1.6.4. A bonificación concederase durante un prazo máximo de tres anos, sempre e cando se manteñan as condicións da xustificación presentadas coa comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade durante tres exercicios presupostarios completos, como mínimo.

O incumprimento dos requisitos esixidos esixirá que o suxeito pasivo o poña en coñecemento desta entidade no prazo de un mes desde que se tivese producido dito incumprimento, e suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes. O suxeito pasivo deberá acreditar, a requirimento da entidade local, os empregados existentes durante todo o período do beneficio fiscal”

Proponse por esta concelleira ademais as seguintes modificacións:

a) A variación dos tipos impositivos pasando do 0,53% ao 0,51% para os bens de natureza urbana, e do 0,70% ao 0,55% para os bens de natureza rústica, quedando polo tanto os tipos de gravame para o exercicio 2019 como segue:

BENS URBÁNS: 0,51%
BENS RÚSTICOS: 0,55%
BICES: 0,75%

b) A supresión no artigo 4 do punto 2 e o último parágrafo do citado artigo.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal obxecto da proposta no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións nas Ordenanzas Fiscais obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordo de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ó da súa publicación.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.: Alberto Varela Paz
(sinatura dixitalizada)

Pola Concelleira Dona Luz M^a Abalo Pérez proponse fixar o tipo impositivo do IBI de bens rústicos en 0,54%.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, coa fixación do tipo impositivo do IBI de bens rústicos en 0,54%.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), EU (2), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), e sete votos en contra dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (7)

ACÓRDASE: Por maioría,

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a modificación proposta consistente no seguinte:

- Modificar o artigo 3.1.6., que quedaría redactado do seguinte xeito:

Terán dereito a unha bonificación da cota íntegra do imposto aqueles inmóveis nos que se desenvolva unha actividade económica que sexa declarada de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego. Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

A bonificación a aplicar será a que resulte da seguinte táboa:

| % bonificación | nº postos de traballo creados |
|----------------|---|
| 50 | hasta 4 |
| 65 | de 5 a 10 |
| 75 | de 11 a 20 |
| 80 | máis de 20 (si o 50% dos traballadores están empadroados no concello de Vilagarcía de Arousa a bonificación será do 95%) |

A bonificación limitarase á cota sobre o inmóble no que se desenvolva a nova actividade e, de selo caso, que sexa de nova construción ou ampliación, sen que poida ser obxecto de extensión a outros establecementos do suxeito pasivo que teñan cota tributaria separada.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ó pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo, co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

3.1.6.1. Os 100% dos postos de traballo creados deberán ter carácter indefinido. Cando se trate de contratacións cunha xornada a tempo parcial as porcentaxes das bonificacións ratearanse proporcionalmente ó tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falla, da xornada ordinaria máxima legal.

O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidades do artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que exerza a actividade, sempre e cando sexa o suxeito pasivo do imposto. Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

3.1.6.2. O suxeito pasivo deberá achegar, xunto coa solicitude da bonificación, a seguinte documentación:

- Poder de representación, no seu caso.
- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.
- Comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, coa seguinte xustificación documental da xeración de emprego:
 - Informe de Vidal Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como empresaria dende o inicio da actividade.
 - Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
 - Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
 - Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.
 - No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, falecemento, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.
 - De ser o caso, certificado de alta profesional en colexio oficial e alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.
- Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Vilagarcía de Arousa e coa Seguridade Social.
- Referencia catastral do inmovible no que se exerce a nova actividade económica ou empresarial.
- Aquela outra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

3.1.6.3. A bonificación solicitarase conxuntamente ca bonificación por fomento do emprego prevista para o ICIO (para os casos nos que exista realización de obra) e o IAE, e tramitaranse conxuntamente as tres. Unha vez concedida producirá efectos no exercicio seguinte ao remate das obras ou instalacións obxecto de bonificación no ICIO. De non realizarse obra ou instalación algunha, producirá efectos no exercicio inmediato seguinte ó da súa solicitude.

3.1.6.4. A bonificación concederase durante un prazo máximo de tres anos, sempre e cando se manteñan as condicións da xustificación presentadas coa comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade durante tres exercicios presupostarios completos, como mínimo.

O incumprimento dos requisitos esixidos esixirá que o suxeito pasivo o poña en coñecemento desta entidade no prazo de un mes desde que se tivese producido dito incumprimento, e suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes. O suxeito pasivo deberá acreditar, a requirimento da entidade local, os empregados existentes durante todo o período do beneficio fiscal”

Propónse por esta concelleira ademáis as seguintes modificacións:

c) A variación dos tipos impositivos pasando do 0,53% ao 0,51% para os bens de natureza urbana, e do 0,70% ao 0,55% para os bens de natureza rústica, quedando polo tanto os tipos de gravame para o exercicio 2019 como segue:

BENS URBÁNS: 0,51%
BENS RÚSTICOS: 0,54%
BICES: 0,75%

d) A supresión no artigo 4 do punto 2 e o último parágrafo do citado artigo.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal obxecto da proposta no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións nas Ordenanzas Fiscais obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordo de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ó da súa publicación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181011&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

Vista a proposta da Sra. Concelleira de Economía e Facenda, e ó obxecto de dar cumprimento ó disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e demais disposicións concordantes, esta Alcaldía-Presidencia redacta a presente Memoria que integrará o expediente de modificación da **Ordenanza Fiscal Nº I.3 reguladora do Imposto sobre Construcción, Instalación e Obras.**

O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa en sesión celebrada o 25/01/2018 adoptou o seguinte acordo:

“1) A adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa ao Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”, modificado pola addenda de data 13 de decembro de 2017.

2) Que polo Pleno do Concello se adopten os acordos para a modificación das Ordenanzas Fiscais que legalmente proceda.”

En virtude de dito acordo e para dar cumprimento ó mesmo é preciso introducir a seguinte modificación na **Ordenanza Fiscal nº I.3 reguladora do Imposto sobre Construcción, Instalación e Obras:**

Engadir un novo parágrafo ó apartado 2 do artigo 4, que quedaría redactado do seguinte xeito:

“2.1. Ás construcións que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego seralles de aplicación unha bonificación da cota segundo a escala seguinte. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

| % bonificación | nº postos de traballo creados |
|----------------|--|
| 50 | hasta 4 |
| 65 | de 5 a 10 |
| 75 | de 11 a 20 |
| 80 | máis de 20 |
| | (si o 50% dos traballadores están empadroados no concello de |

| |
|--|
| Vilagarcía de Arousa a bonificación será do 95%) |
|--|

A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ó pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo, co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

2.1.1. O 100% dos postos de traballo creados deberán ter carácter indefinido. Cando se trate de contratacións cunha xornada a tempo parcial as porcentaxes das bonificacións ratearanse proporcionalmente ó tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falla, da xornada ordinaria máxima legal.

O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidades do artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que exerza a actividade, sempre e cando sexa o suxeito pasivo do imposto.

Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

2.1.2. O suxeito pasivo deberá achegar, xunto coa solicitude da bonificación, a seguinte documentación:

- Poder de representación, no seu caso.
- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.
- Comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, coa seguinte xustificación documental da xeración de emprego:
 - Informe de Vidal Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como empresaria dende o inicio da actividade.
 - Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
 - Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
 - Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.
 - No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, falecemento, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.
 - De ser o caso, certificado de alta profesional en colexio oficial e alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.
- Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Vilagarcía de Arousa e coa Seguridade Social.
- Aquela outra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

2.1..3. A bonificación terá carácter rogado e solicitarase conxuntamente ca bonificación por fomento do emprego prevista para o IBI e o IAE, tramitándose conxuntamente as tres.

2.1.4. Inicialmente poderase xustificar o requisito da contratación de traballadores ca presentación dunha declaración xurada cos datos dos traballadores que van a ser contratados cando rematen as obras. Neste suposto, a bonificación concederase baixo condición resolutoria, de forma que de non presentarse a documentación prevista no apartado 2.1.2. desta ordenanza no prazo de 6 meses dende a finalización das obras, quedará sen efecto a bonificación concedida. esixirase o importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.

Por outra banda, aprovéitase esta modificación para adaptar a redacción da ordenanza fiscal ó establecido na Lei reguladora das Facendas Locais, como consecuencia das modificacións introducidas pola Disposición final Primeira da Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.

Propónse a modificación da redacción do parágrafo 1 do artigo 1:

“Artigo 1.1: Constitúe o feito impositivo do imposto a realización dentro do termo municipal de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obra urbanística, se obtivera ou non dita licenza, **ou para a que se esixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este Concello**”.

Propónse a modificación da redacción do parágrafo 2 do artigo 2:

“Artigo 2.2 : Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os que soliciten as correspondentes licencias **ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas**, ou os que realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota satisfeita.”

Propónse a modificación da redacción do parágrafo 1 do artigo 5:

“Art. 5.1: Cando se solicite a licenza preceptiva, **ou sexa presentada a declaración responsable ou a comunicación previa, ou cando non téndose solicitado, concedido ou denegado aínda aquela ou**

presentado estas, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional, determinándose a base impositiva en función do presuposto presentado polo interesado. Noutro caso a base impositiva será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custe estimado do proxecto.”

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal obxecto da proposta no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións nas Ordenanzas Fiscais obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordo de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ó da súa publicación.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.: Alberto Varela Paz
(sinatura dixitalizada)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de todos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a modificación proposta consistente no seguinte:

Engadir un novo parágrafo ó apartado 2 do artigo 4, que quedaría redactado do seguinte xeito:

“2.1. Ás construcións que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego seralles de aplicación unha bonificación da cota segundo a escala seguinte. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

| % bonificación | nº postos de traballo creados |
|----------------|---|
| 50 | hasta 4 |
| 65 | de 5 a 10 |
| 75 | de 11 a 20 |
| 80 | máis de 20 (si o 50% dos traballadores están empadroados no concello de Vilagarcía de Arousa a bonificación será do 95%) |

A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ó pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo, co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

2.1.1. O 100% dos postos de traballo creados deberán ter carácter indefinido. Cando se trate de contratacións cunha xornada a tempo parcial as porcentaxes das bonificacións ratearanse proporcionalmente ó tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falla, da xornada ordinaria máxima legal.

O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidades do artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que exerza a actividade, sempre e cando sexa o suxeito pasivo do imposto.

Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

2.1.2. O suxeito pasivo deberá achegar, xunto coa solicitude da bonificación, a seguinte documentación:

- Poder de representación, no seu caso.
- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.
- Comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, coa seguinte xustificación documental da xeración de emprego:
 - Informe de Vidal Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como empresaria dende o inicio da actividade.
 - Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
 - Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
 - Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.
 - No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, falecemento, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.
 - De ser o caso, certificado de alta profesional en colexio oficial e alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.
- Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Vilagarcía de Arousa e coa Seguridade Social.
- Aquela outra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

2.1.3. A bonificación terá carácter rogado e solicitarase conxuntamente ca bonificación por fomento do emprego prevista para o IBI e o IAE, tramitándose conxuntamente as tres.

2.1.4. Inicialmente poderase xustificar o requisito da contratación de traballadores ca presentación dunha declaración xurada cos datos dos traballadores que van a ser contratados cando rematen as obras. Neste suposto, a bonificación concederase baixo condición resolutoria, de forma que de non presentarse a documentación prevista no apartado 2.1.2. desta ordenanza no prazo de 6 meses dende a finalización das obras, quedará sen efecto a bonificación concedida. esixirase o importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.

Por outra banda, aprovéitase esta modificación para adaptar a redacción da ordenanza fiscal ó establecido na Lei reguladora das Facendas Locais, como consecuencia das modificacións introducidas pola Disposición final Primeira da Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.

Propónse a modificación da redacción do parágrafo 1 do artigo 1:

“Artigo 1.1: Constitúe o feito impositivo do imposto a realización dentro do termo municipal de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obra urbanística, se obtivera ou non dita licenza, **ou para a que se esixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este Concello**”.

Propónse a modificación da redacción do parágrafo 2 do artigo 2:

“Artigo 2.2 : Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os que soliciten as correspondentes licencias **ou presenten as correspondentes declaracións**

responsables ou comunicacións previas, ou os que realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota satisfeita.”

Propónse a modificación da redacción do parágrafo 1 do artigo 5:

“Art. 5.1: Cando se solicite a licenza preceptiva, **ou sexa presentada a declaración responsable ou a comunicación previa, ou cando non téndose solicitado, concedido ou denegado aínda aquela ou presentado estas, se inicie a construción, instalación ou obra**, practicarase unha liquidación provisional, determinándose a base impoñible en función do presuposto presentado polo interesado. Noutro caso a base impoñible será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custe estimado do proxecto.”

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal obxecto da proposta no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións nas Ordenanzas Fiscais obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordo de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ó da súa publicación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181011&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

ASUNTO: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 1.5 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

A proposta que se somete á aprobación do Pleno consiste en introducir un parágrafo 2 no apartado de bonificacións (art. 4):

Establécese unha bonificación do 75% nas tarifas establecidas no art.5 da presente ordenanza, para aqueles vehículos clasificados no Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro (modificado por Orden PCI/810/2018 de 27 de xullo), como “Vehículo “0” emisións”, incluídos como tales os seguintes:

- BEV: Vehículo eléctrico de baterías.
- REEV: Vehículo eléctrico de autonomía estendida.
- PHEV: Vehículo híbrido enchufable.
- HICEV: Vehículo de hidróxeno.

Establécese unha bonificación do 50% nas tarifas establecidas no art. 5 da presente ordenanza, para aqueles vehículos clasificados no Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro (modificado por Orden PCI/810/2018 de 27 de xullo), como “ECO”, incluídos como tales os seguintes:

- HEV: Vehículo eléctrico híbrido non enchufable.
- GNC: Vehículo impulsado por gas natural comprimido.
- GNL: Vehículo impulsado por gas licuado do petróleo.

As citadas bonificacións poderán ser aplicables a partir do ano seguinte ao de matriculación, e terán unha duración máxima de 5 exercicios consecutivos, independentemente de que se proceda ou non á transferencia do vehículo, e agás nos casos de baixa definitiva.

Para a súa concesión será necesario que o suxeito pasivo solicite expresamente a concesión da bonificación, que surtirá efectos a partir do exercicio seguinte ao de solicitude, e co límite de 5 exercicios dende o seguinte á referida data de matriculación.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Vilagarcía de Arousa, 3 de outubro de 2018

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo. Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 14 votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), EU (2), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro Non adscrito (1), e sete abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (7)

ACÓRDASE: Por maioría

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación proposta consistente no seguinte:

Introducir un parágrafo 2 no apartado de bonificacións (art. 4):

Establécese unha bonificación do 75% nas tarifas establecidas no art.5 da presente ordenanza, para aqueles vehículos clasificados no Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro (modificado por Orden PCI/810/2018 de 27 de xullo), como “Vehículo “0” emisións”, incluídos como tales os seguintes:

- BEV: Vehículo eléctrico de baterías.
- REEV: Vehículo eléctrico de autonomía estendida.
- PHEV: Vehículo híbrido enchufable.
- HICEV: Vehículo de hidróxeno.

Establécese unha bonificación do 50% nas tarifas establecidas no art. 5 da presente ordenanza, para aqueles vehículos clasificados no Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro (modificado por Orden PCI/810/2018 de 27 de xullo), como “ECO”, incluídos como tales os seguintes:

- HEV: Vehículo eléctrico híbrido non enchufable.
- GNC: Vehículo propulsado por gas natural comprimido.
- GNL: Vehículo propulsado por gas licuado do petróleo.

As citadas bonificacións poderán ser aplicables a partir do ano seguinte ao de matriculación, e terán unha duración máxima de 5 exercicios consecutivos, independentemente de que se proceda ou non á transferencia do vehículo, e agás nos casos de baixa definitiva.

Para a súa concesión será necesario que o suxeito pasivo solicite expresamente a concesión da bonificación, que surtirá efectos a partir do exercicio seguinte ao de solicitude, e co límite de 5 exercicios dende o seguinte á referida data de matriculación.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181011&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria-Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

ASUNTO: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº II.2 REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, ASÍ COMO DOS PREZOS DAS ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2019.

As modificacións propostas consisten no seguinte:

1º.- Respecto á modificación das tarifas do art. 9 da O.F. Nº II.2, propónse a variación das tarifas actualmente en vigor para o ano 2019, conforme ó cadro reflectido no informe da Tesoureira correspondente ao apartado SEGUNDO, con efectos para o 2019.

2º.- Respecto á modificación dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros, propónse a variación dos prezos actualmente en vigor para o ano 2019, conforme a actualización dos prezos na porcentaxe correspondente o IPC interanual do +2,2% de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2017 a xullo/2018), tamén con efectos para o 2019.

Informado favorablemente polas Sras. Secretaria e Tesoureira, propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se dictamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta do art. 9 da Ordenanza Fiscal Nº II.2 reguladora da Taxa polo Subministro de Auga Potable a Domicilio, así como dos Prezos das Acometidas, Contadores e Outros, tal e como consta no informe da Tesoureira apartado SEGUNDO para a ordenanza de auga potable, e na proposta de Espina & Delfín para os prezos das acometidas, contadores e outros.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº II.2 así como dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevaráse a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2019.

Vilagarcía de Arousa, 3 de outubro de 2018.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo/ Alberto Varela Paz.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo subministro de auga potable a domicilio, suprimindo da proposta a tarifa por desprecintado para reposición de subministro, en base ao informe desfavorable da Sra. Tesoureira.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 17 votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), PP (7) e BNG (2) e catro abstencións, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais de EU (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1),

ACÓRDASE: Por maioría

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta do art. 9 da Ordenanza Fiscal N° II.2 reguladora da Taxa polo Subministro de Auga Potable a Domicilio, así como dos Prezos das Acometidas, Contadores e Outros, tal e como consta no informe da Tesoureira apartado **Segundo** para a ordenanza de auga potable, e na proposta de Espina & Delfín para os prezos das acometidas, contadores e outros, suprimindo da proposta a tarifa por desprecintado para reposición de subministro:

A) USOS DOMÉSTICOS:

- 1º bloque, ata 10 m³ de consumo. 0,311795 € / m³
- 2º bloque, de 11 m³ a 20 m³. 0,393240 € / m³
- 3º bloque, exceso de 20 m³. 0,419370 € / m³
- Cota mensual de servizo . 1,599 € / abonado mes
- Cota mínima mensual . 4,718 € / abonado mes

As vivendas que non teñan instalado contador, facturaráselle un mínimo de 9,72 €/mes, dando ó contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses. En caso contrario procederase ó corte de subministro de auga.

B) USO COMERCIAL:

Comercios de venda menor, artigos de regalo, camisería, mercería, oficinas, tendas de alimentación e similares:

- 1º bloque, ata 10 m³ de consumo. 0,393240 € / m³
- 2º bloque, exceso de 10 m³ 0,460669 € / m³
- Cota mensual de servizo . 3,833 € / abonado mes
- Cota mínima mensual . 7,765 € / abonado mes

C) USO INDUSTRIAL:

- 1º bloque, ata 25 m³ de consumo. 0,393240 € / m³

- 2º bloque, exceso de 25 m³. 0,474773 € / m³
- Cota mensual de servizo 3,833 € / abonado mes
- Cota mínima mensual... 13,664 € / abonado mes

Os locais comerciais e industrias que non teñan contador, facturaráselle un mínimo de 20,01 €/mes, dando ó contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses, en caso contrario, procederase ó corte de subministro de auga.

D) OBRAS EN CONSTRUCCIÓN:

- 1º bloque, ata 65 m³. 0,414114 € / m³
- 2º bloque, exceso de 65 m³. 0,482696 € / m³
- Cota mensual de servizo 3,833 € / abonado mes
- Cota mínima mensual 30,750 € / abonado mes

E) CANON DE CONSERVACIÓN DE CONTADORES

O canon de conservación polo servizo de mantemento, será de 0,183 €/ abonado mes, máis IVE.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº II.2 así como dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevaráse a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2019.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181011&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.:

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria-Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

ASUNTO: PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº II.5 REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS PARA O ANO 2019.

As modificacións propostas consisten no seguinte:

Na variación das tarifas actualmente en vigor contidas no art. 5 da Ordenanza para o ano 2019 na porcentaxe do +2,2% correspondente ó IPC interanual de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2017 a xullo/2018).

En base ao exposto propónse que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se dictamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta das tarifas do art. 5 da Ordenanza Fiscal Nº II.5 reguladora da Taxa de Depuración de Augas Residuais para o 2019.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº II.5 no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de

exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente. Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevaráse a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 2019.

Vilagarcía de Arousa, 3 de outubro de 2019.

O ALCALDE - PRESIDENTE

Asdo. Alberto Varela Paz.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa de depuración de augas residuais.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 17 votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), PP (7) e BNG (2) e catro abstencións, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais de EU (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1),

ACÓRDASE: Por maioría

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta das tarifas do art. 5 da Ordenanza Fiscal Nº II.5 reguladora da Taxa de Depuración de Augas Residuais para o 2019:

A) COTA MÍNIMA:

a) Aboado con contador e servizo de abastecemento de auga:

| | €/ mes |
|----------------|--------|
| Uso doméstico | 2,372 |
| Uso comercial | 3,238 |
| Uso industrial | 5,976 |

b) Aboados sen contador ou sen servizo de abastecemento de auga:

| | €/ mes |
|----------------|--------|
| Uso doméstico | 3,346 |
| Uso comercial | 4,197 |
| Uso industrial | 9,565 |

B) CONSUMO SERVIZO AUGA:

• **Uso doméstico:**

| | € |
|-------------------------------|----------|
| Cada m ³ consumido | 0,083357 |

• **Uso comercios:**

| | € |
|-------------------------------|----------|
| Cada m ³ consumido | 0,083357 |

• **Uso industrial:**

| | € |
|-------------------------------|----------|
| Cada m ³ consumido | 0,083357 |

C) INDUSTRIAS CON GRANDES CAUDALES VERQUIDOS Á REDE:

Aquelas industrias que para o proceso de produción utilicen medios de abastecemento de auga exclusiva ou conxuntamente con auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal moi superior ó consumido da rede municipal, instalarán ó seu cargo aparatos para medida do caudal vertido á rede. De mutuo acordo entre a empresa e concesionario do Servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido a efectos da facturación.

Facturarase de acordo coa seguinte tarifa:

| | € |
|--|----------|
| Cota fixa mensual (aboado mes) | 5,976 |
| Por cada m ³ verquido (medido ou aforado) | 0,083357 |

As tarifas indicadas incrementaranse có IVE correspondente a cada exercicio.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº II.5 no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevaráse a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 2019.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181011&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:00 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.